



Aspiramos a lograr a Alcaldía para darlle a Barro o xiro de 180º que o Concello necesita

Durante os últimos meses o BNG estivo celebrando en Barro Asembleas Abertas para analizar a situación do concello e perfilar a candidatura e as liñas básicas do programa de goberno que vai presentar para as vindeiras eleccións municipais do mes de maio.

A primeira parte deste proceso culminou coa elección da candidatura do BNG-Asembleas Abertas, e que estará encabezada polo actual Portavoz Municipal do BNG, Xosé Manuel Fernández Abrales.

Trátase dunha candidatura que auna a experiencia coas aportacións de compañeiros e compañeiras que estiveron a traballar cóbado a cóbado con nós para conformar unha candidatura solvente capaz de darlle a Barro o xiro de 180 graos que tanto necesita.

O candidato á Alcaldía mostrouse orgulloso dos homes e mulleres que o acompañan na candidatura, pola súa entrega, o seu traballo e o seu amor ao pobo demostrado ao longo de todo o proceso.

Agradeceu de xeito especial a todas as persoas que, sen ser militantes do BNG, participaron de xeito activo nas asembleas abertas e se incorporaron á candidatura, con ilusión e gañas de mellorar o Concello, e tivo palabras de agradecemento a María Xesús Castro Calviño que, despois de 16 anos como concelleira, non repetirá por petición propia nos postos de saída.

Abrales mostrouse convencido de que coa ilusión e capacidade de traballo dos membros da candidatura é posíbel lograr a Alcaldía. “Vós sodes o futuro” -dixo- para afirmar que “é preciso rachar cos 32 anos de (des)gobierno do PP, coas súas políticas clientelares e a súa nefasta xestión. Precisamos un goberno que abra o concello a todos os veciños e veciñas sen distinción, que estea pendente das necesidades do pobo, lles procure solucións, e realice unha xestión transparente, rigurosa e exemplar.”

Nunca estivo tan preto e nunca foi tan preciso o cambio en Barro. Este é o momento !

CANDIDATURA 2015

Xosé Manuel Fdez. Abrales (Perdecanaí)

Roberto Rivas Reboredo (Valiñas)

Amelia Cancela Cancela (A Portela)

Antonio Giraldez Outeda (Curro)

Rosa Rodríguez González (Barro)

Adrián Silva Magdalena (A Portela)

Iván Bello Ferreiro (Barro)

Rocío Martínez Sartal (Curro)

Roberto Beade Freaza (Agudelo)

Paula Gómez Calvo (Barro)

María Xesús Castro Calviño (A Portela)

Alberto Maquieira Villar (San Antoniño)

Santiago Pazos Ucha (Perdecanaí)

Laura Sánchez García (Agudelo)

Luis Javier Vila Piñeiro (Perdecanaí)

Ana Roma Agraso (Curro)

Marisela Abal Seijo (Agudelo)

Juan Outeda García (Curro)

Jesús Romay Méndez (Agudelo)

María Outón Fernández (A Portela)

Licesio Fontán Abal (Agudelo)



O BNG propón bonificar ás empresas que se instalen en Barro e creen novos postos de traballo

A situación económica e a insoportábel taxa de paro que estamos a sufrir está levando a moitísima xente a unha situación de pobreza inaceptábel.

Desta situación non se escapan os veciños e veciñas de Barro, pois moitos deles tamén están a sufrir as penurias causadas polo desemprego. É por iso que as administracións públicas deben facer todo o posíbel para axudar á creación de postos de traballo.

O BNG presentou unha iniciativa para que se bonifique ás empresas que se asenten no noso concello e creen postos de traballo en Barro

As medidas económicas que poderían corrixir esta situación de forma considerábel correspóndenlle ao goberno español e á Xunta de Galiza, dando un xiro de 180 graos ás políticas que veñen aplicando. Mais dende o goberno municipal tamén se pode tomar algunha iniciativa que axude, aínda que sexa modestamente, a conseguir ese obxectivo de creación de emprego.

Nas mans dos Concellos están bonificar o imposto de construción no máximo que permita a Lei a aquelas empresas que se asenten no noso solo industrial e creen novos postos de traballo no noso concello.

Fomento esperará a que haxa mortos para actuar na N-550

Frios nos deixou a resposta do Ministerio de Fomento ante a demanda da deputada do BNG, Olaia Fernández, para que se mellore a seguridade na estrada N-550.

Segundo os responsábeis de Fomento non se vai actuar porque nos últimos cinco anos non houbo ningún accidente mortal.

No BNG non queremos esperar a que haxa mortos para que Fomento actúe e seguiremos insistindo na necesidade de mellorar a seguridade desta perigosa estrada.

O BNG demanda un uso social do auditorio do futuro Centro de Servizos e Apoio Empresarial da Deputación

Barro é dos poucos concellos da nosa comarca que carece dun espazo minimamente digno para a realización de actividades culturais. Isto leva aos distintos colectivos culturais do noso municipio a realizar as súas actividades nunhas condicións de extrema precariedade.

O BNG presentou en numerosas ocasións mocións demandando a construción dun centro cultural que dese resposta ás necesidades dos colectivos sociais, sen que desde o goberno municipal se tomase nunca en serio dotar a Barro dun equipamento cultural acorde aos tempos que vivimos e ás demandas veciñais.

Recentemente a Deputación de Pontevedra vén de anunciar a construción dun futuro Centro de Servizos e Apoio Empresarial no polígono industrial que leva incluído un auditorio de 170 m². Este auditorio, con pequenas modificacións técnicas sobre o proxecto inicial, podería servir para albergar concertos, representacións teatrais e outras actividades impulsadas polas entidades culturais de Barro, mentres en Barro non se constrúa un equipamento cultural axeitado.

Por iso o BNG presentou unha moción para que o Concello solicite da Deputación a realización das modificacións precisas no auditorio e a cesión do seu uso ás entidades culturais de Barro.

O PP desenténdese da seguridade viaria na PO-531

O PP votou en contra no Parlamento Galego dunha iniciativa da deputada do BNG, Montse Prado, para mellorar a seguridade viaria na PO-531 entre Pontevedra e Curro, sen molestarse sequer en argumentar a súa oposición.

Non importou o alarmante número de accidentes que soporta a estrada (4 graves só desde a presentación da iniciativa en setembro pasado), nin os acordos acadados cos colectivos veciñais para mellorar a seguridade, nin sequer as promesas electorais realizadas pola ministra de Fomento, Ana Pastor, o Presidente da Xunta, Núñez Feijoo, ou o Presidente da Deputación, Rafael Louzán, quen afirmaba que a solución pasaba por converter a PO-531 nunha travesía urbana para tráfico local, suprimir a peaxe e ampliar un carril da AP-9 entre Pontevedra e Curro.

Coa súa posición o PP demostra que as súas promesas son papel mollado e que as vidas das persoas que transitan pola PO-531 non merecen a atención suficiente como para adoptar medidas que garantan a súa seguridade.



O PP négase a construír pasos de peóns

A Xunta négase a construír pasos de peóns nunha estrada tan densamente poboada como é a PO-531, argumentando que non serían seguros. Obvian os representantes da Consellaría que existen medios técnicos suficientes e contrastados para calmar o tráfico e conseguir pasos de peóns seguros. Se non se fai é única e exclusivamente por falla de vontade política.

A Xunta non ten pensado facer nada para liberar o treito da AP-9 de peaxe

Argumenta a Xunta que é unha vía de competencia de Fomento. A pesar desta evidencia, esquécese que é a súa obriga facer as xestións que sexan precisas diante do ministerio para conseguir esta demanda histórica. Sen ir máis alá compre lembrar que esta foi unha promesa realizada nas pasadas eleccións galegas polo tandem Hernández-Feijoo-Ana Pastor. Se nada podía facer a administración galega, a que viña tal promesa?

A Consellaría deixa toda posíbel actuación a expensas das disponibilidades orzamentarias e da construción da A-57.

A Consellaría realizou unicamente unhas actuacións puntuais que poden se calificados como meros parches. Máis alá das declaracións dos responsabeis da Consellaría, o certo é que practicamente todas as semanas se produce algún tipo de accidente nesta estrada, e que non se pode demorar por máis tempo unha solución eficaz aos evidentes problemas de seguranza viaria que padece.

Catro anos máis de goberno do PP, catro anos de sufrimento para a xente

As medidas tomadas polos gobernos do PP tanto en Madrid como na Xunta para facerlle fronte á crise foron todas na mesma dirección: causar sufrimento ás persoas -precariedade laboral, paro, recortes nos servizos públicos e nas políticas sociais, suba de impostos, taxazo farmacéutico e xudicial, subas da electricidade, etc-.

A esas medidas sumouse tamén o goberno municipal do PP en Barro. A súa actuación nos últimos catro anos pode resumirse nunha xestión inoperante e nunha subida desproporcionada de impostos que está causando estragos á maioría das familias do noso concello, principalmente ás afectadas polo paro.



Porque esta subida de impostos non serviu para dotar de máis servizos aos veciños, senón que foi toda adicada a pagar o buraco económico que deixou a nefasta xestión do goberno municipal do PP ao longo de 32 anos. Aquí non hai a excusa da “herencia recibida”.

Ao longo destes anos, o BNG promoveu multitude de iniciativas co obxectivo de mellorar as condicións de vida da xente, ademais de ser a única forza política que se opuxo sempre á desproporcionada

subida de impostos acordada polo PP e apoiada ás veces polo PSOE.

A maioría absoluta do PP, impediu que as nosas propostas prosperasen, e mesmo aquelas que si se aprobaron quedaron en meros xestos cara á galería, dada a manifesta incapacidade e desinterese do PP por levalas a cabo.

Barro, concello de 1ª en impostos, concello de 3ª en servizos públicos.

O catrastrazo aprobado polo PP e o PSOE: a medida máis dura contra os veciños de Barro

A suba da contribución aprobada polo PP e o PSOE no ano 2012 supuxo que moitas familias do noso concello afectadas polo paro ou nunha situación económica precaria non sexan capaces de facer fronte aos recibos anuais que están chegando, ou, para poder pagalos, ter que deixar de mercar produtos de primeira necesidade.

Os esforzos que fixo o BNG para que esa suba da contribución non se aprobase en plena crise económica, caíron en saco roto. E tanto o PP coma o PSOE aprobaron alegremente unha medida que levou ao esperpento de que as vivendas en Barro estean valoradas como as de Sanxenxo, e moi por riba das de Pontevedra.

Unha valoración esaxerada que supuxo que os recibos da contribución que xa subiron moitísimo, aínda van seguir subindo 8 anos máis.

As vivendas de Barro teñen agora o mesmo valor catastral que as de Sanxenxo, e moi por riba das de Pontevedra

Como contactar co BNG Barro
Teléfono: 620.262.802
bngbarro@gmail.com

Como contactar co BNG Nacional
Sede Nacional. Avda. Rodríguez de Viguri 16, baixo
15703 Santiago de Compostela. 981555850
www.bng.gal
nacional@bng.gal

